

## CRITERIOS SELECCIÓN ALUMNADO CURSO 2022/2023

**Para mobilidades de recién titulados de alumnos de ciclos básicos e medios dentro do consorcio Practicum Depo coordinado pola Deputación de Pontevedra:**

Tal e como ven recollido no Anexo I da convocatoria de Centros Educativos publicada no BOPPO (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra) establécense os seguintes criterios de baremo; a nota final obterase da suma das puntuacións dos seguintes apartados:

### **1. Adecuación da titulación e do perfil da ou do bolseiro (30 %)**

- Valorarase ata un máximo de **2 puntos** a motivación, autonomía, madurez, compromiso co programa, habilidades comunicativas (a partir do informe da ou do titor, do equipo didáctico ou da ou do orientador do centro)
- Valorarase a actitude nas clases e a asistencia regular ao ciclo cursado ata un máximo de **1 punto**:
  - Asistencia a máis do 90 % das clases lectivas: 0,5 puntos
  - Asistencia a menos do 90 % das clases lectivas: 0 puntos
  - Ausencia de faltas de conduta: 0,5 puntos
  - Existencia dalgunha falta de conduta: 0 puntos

### **2. Expediente académico (20 %)**

- Valorarase ata un máximo de **2 puntos**, calculando a media aritmética das cualificacións obtidas no ciclo formativo de grao medio dos cursos finalizados:
  - De 6 a 6,99 Aprobado 0,5 puntos
  - De 7 a 8,99 Notable 1 puntos
  - De 9 a 10 Sobresáinte 1,5 puntos
  - Matrícula de honra 2 puntos

### **3. Coñecemento de idiomas (20 %)**

- Titulacións no idioma inglés:

Polo certificado oficial da Escola Oficial de Idiomas ou polo equivalente legalmente homologado, ata un máximo de 2 puntos.

- A1: 0 puntos
- A2: 0,5 puntos
- B1: 1 punto
- B2: 1,5 puntos
- C1 ou C2: 2 puntos

Non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que levaron a adquirir outra de nivel superior.

Sen certificado oficial: realización dunha proba de nivel (escrito + oral), ata un máximo de 1 punto.

- Baremo dun segundo idioma: valorarase o coñecemento doutro idioma cun nivel mínimo de A2 e con acreditación dun certificado oficial, do mesmo xeito que para o inglés, ata un máximo de 1 punto:
  - A2: 0,5 puntos
  - B1, B2, C1, C2: 1 punto

\*A puntuación máxima que se pode obter neste apartado é de **2 puntos**.

#### **4. Méritos (10 %)**

- Valorarase con 0,5 puntos cada título de formación profesional de grao medio diferente ao que lle dea acceso á mobilidade, ata un máximo de 1 punto.

#### **5. Entrevista persoal (20 %)**

Habilidades persoais e sociais suficientes para desenvolverse en contornos distintos os acostumados. Valorarase a acreditación de pertenza a calquera tipo de ONG ou participación en programas de voluntariado, interese, iniciativa etc.

En caso de empate os criterios de desempate serán, por esta orde:

-A maior puntuación no expediente

-A maior puntuación na formación en idiomas

En caso de continuar empatados, o desempate determinarase por sorteo.

Resumindo:

<b>Adecuación da titulación e do perfil da ou do bolseiro</b>	<b>Expediente académico</b>	<b>Coñecemento de idiomas</b>	<b>Méritos</b>	<b>Entrevista persoal</b>
30%	(20 %)	(20 %)	(10 %)	(20 %)
3 Ptos.	2 Ptos.	2 Ptos.	1 Pto.	2 Ptos.